

## SABELIÑA

Din que unha nena, a Sabeliña, ía cos porcos a un prado que está xunto ó Castelo dos Mouros. Pero estes aínda andaban por alí, entón saíu unha moura e ofreceulle un bonito vestido.

A Sabeliña aceptouno porque era moi feitiño. Cando o colleu, a moura advertiulle:

- Disto non debes dicir nada a ninguén. Nin sequera á túa nai. Ninguén debe saber quen cho regalou. Mira que eu hei ir escoitar por detrás da porta e si o fas, ...xa verás o que che pasa.

A nena marchou contenta como un caravel. Chegou á casa leda co seu regalo, pero a nai ó ver aquel vestido tan bo preguntou por el á nena.

- E ese vestido que traes, de onde o sacaches?.

- Mamiña, non cho podo dicir. Prometín non dicir quen mo dera.

- Ai, Sabeliña. As cousas non che son así. Se non queres levar unhas azotas, débesmo contar!

Ante as ameazas da nai, a nena, non tivo máis remedio que falar:

- Foi unha moura do Castelo dos Mouros. Pero eu díxenlle que non o había dicir a ninguén, e agora...

Ó outro día, cando foi de novo ó prado cos porcos, apareceu a moura e colléndoa, levouna ó castelo e

botouna nunha caldeira grandísima que dentro tiña  
aceite fervendo.

Xa de noite a nai berraba por ela:

-¡Sabeliña! ¡Sabeliña!

E a moura contestaba:

- Sabeliña, Sabelón, derretida no aceitón.

## OS DESAFÍOS DA VELLA DO ENCANTO

Desde moito tempo atrás se comentaba en toda a comarca que desaparecieran misteriosamente un bo número de mozos. Eran contos de vellos. O misterio estaba situado no coto próximo á aldea de Choucellas.

Nesta mesma aldea viviu, hai algún tempo, unha muller que tiña tres fillos, dous mozos e unha rapazota, moi disposta ela.

Un día, o fillo máis novo montou na besta, chamou polo seu can, chamado León, e foi de caza ó monte. Chegado a un coto, saíulle ó camiño unha vella desdentada e fea que lle preguntou:

- ¿E logo para onde vas, meu rapaz?
- Pois vou de caza, señora.
- Bota unha pelexa comigo e verás como te deixo- dixo a vella.
- Non, non teño necesidade. Ademáis sería abusar da súa fraqueza, e non me agrada- respondeulle o rapaz.
- Bota unha pelexa, se es home, que senón non vales as orellas dun can vello.

A vella tanto insistiu que o rapaz, todo incomodado, aceptou. Total non lle faría falla nin mancala sequera e así deixaríala de importunalo.

- Pero primeiro tes que atar o can.- Dixo a muller.
- Non teño con que.
- Toma un pelo da miña cabeza

O rapaz atou o can co cabelo e pelexaron. A vella tiña máis forza e lixeireza có rapaz e cando este se viu vencido berrou:

- ¡Arranca, León!

Pero antes de que o can fixese nada, a vella pronunciou estas palabras:

- ¡Non arranques, León, que os pelos da miña cabeza, de ferro son!

O can quedouse, a vella venceuno e tragouno para o seu encanto.

Perto da noite, o cabalo e o can apareceron na casa sen o rapaz. Nai e irmáns preguntábanse todos preocupados onde quedaría, e que sería o que lle tería pasado.

De mañá cedo saiu o outro irmán buscalo e aconteceulle outro tanto.

Pola tarde estaban o cabalo e o can no curral da casa pero sen o xinete. Nai e filla choraban desconsoladamente e non se explicaban o que podería terlles sucedido.

Antes de se ver o sol, a mozoa arreou o cabalo, chamou polo can e botouse a camiño na busca de seus irmáns.

Perto dunha fonte parou para beber e apareceulle unha muller que botaba unha extraña luz e que lle preguntou a onde ía. A rapaza contoullo todo e a muller de luz falou así:

- No alto dese coto, váiseche aparecer unha vella fea e desdentada que che ha de insistir en que lle vaias unha liorta. Ti non aceptes ata que se enfade.

Mandarache atar o can cun cabelo da súa cabeza. Ti fai coma que o atar pero deixao ceibo. Vasilie a lea e cando te vexas apurada, chama polo can. Ó que a venzas ela desaparecerá e ti bota este novelo de fío de lá nun burato que se ha de formar no lugar da vella. E vaite con ben, miña criatura. Leva a miña protección. Eu sonche a Virxe María.

Antes de que a moza lle puidese dar as grazas, a muller de luz desapareceu. Gardou o fío no peto e botouse monte arriba. En chegando ó coto viu a vella que repetiu coma outras veces:

- Bota unha liorta comigo. Eu son forte e ti aínda non mandas en min.

- Si que mando en vostede, pero téñolle respecto e non quero porque lle podería facer moito mal- respondeu a moza.

E así seguiron ata que esta accedeu a loitar. Can do lle deu o pelo, a rapaza fixo coma que ataba pero no atou. Cando ía perdendo, a moza chamou polo can:

- ¡Arranca, León!

- ¡Non arranques, León; que os pelos da miña cabeza, de ferro son! - Apresurouse a dicir a vella.

Pero o can arrancou e deulle tres dentadas: unha na cara, outra na barriga e outra na testa, e a vella morreu dando un estalo de lume e aparecendo un grande burato no seu lugar.

A rapaza agarrou o fío e deixou caer o novelo polo burato abaixo. No momento apareceron os seus irmáns e moitos outros rapaces que estaban encantados.

Regresaron á casa e viviron felices e desde aquela nunca máis se volveu falar de ningunha desaparición nin cousa polo estilo.

## A BENDICIÓN DA SILVA

Contaba o meu bisavó que hai moitos, moitísimos anos, cando naceu o Neno Xesús, gobernaba un rei chamado Herodes que tiña envexa del.

Pensaba que ese Neno lle ía quitar o mando. Pero como non sabía onde estaba, mandou matar a tódolos meniños menores dun ano.

Os pais de Xesús avisounos un ano do ceo e indicoulles que fuxisen co neno para outro país chamado Exipto. Eles así o fixeron, e montados María e o fillo nunha burra, e San Xosé a pé colleron camiño. Os soldados ían perseguíndos e faltáballes pouco para pillalos cando de fronte tiñan unha enorme silveira que non os deixaba pasar. San Xosé estaba tristemente calado e María choraba. Os soldados achegábanse de présa e todo estaba perdido. O Neno ergueu os ollos, fitou prás silvas e a silveira abriuse deixando un carreiro xusto para que pasasen. Os soldados metéronse tamén pero as silvas cerraron outra vez encerellándoselles nos pés e non deixándoos andar. Foi así como salvaron Xosé, María e o Neno, e tamén a burra, da ferocidade daqueles guerreiros. O Neno, desde lonxe, virou a cabeza e bendeceu a silva dicindo:

- Será moi difícil acabar contigo, e aínda que te corten mil veces, sempre volverás a brotar.

## MOZAS ENCANTADAS DE TEIXIDO(Adriana)

Indo polo camiño do cemiterio chégase a onde está "A Pena do Encanto", onde hai unha doncela encantada que chama a atención pola súa fermosura, "cun pelo tremendísimo". Tódolos anos, o día de San Xoán, sae ó raiar o sol e faise visible coa esperanza de que pase algún mozo disposto a desencanta-la. Naturalmente a cousa non é doada, porque así como o mozo se vai achegando, a doncela perde a fermosura ós ollos de quen a mira e acaba converténdose nun monstro repugnante e espantoso. O valente que ouse matar ó monstro desencantará á doncela, coa que poderá casar e tamén gozar dos tesouros da súa esposa, que son moitos pero, polo de agora están tan encantados coma a súa dona.



## LENDA DA LOUREANA

Contan que unha vez un labrego da parroquia de Santa María oiu que chamaban por él, corriu éste cara o lugar de donde viñan as voces e atopouse a unha vella sentada enriba dun penedo á beira do camiño que lle mostrou tres boliños dourados de pantrigo, enriba dun fermoso pano de encaixe. A vella que, en realidade era unha bruxa, díxolle que tiña que ir á cima do Monte do Castro e que alí depositara os tres bolos no chan e dixeran o nome de tres mulleres, así desenfeitizaría a tres princesas enfeitizadas polo seu pai, un malvado rei mouro. Nambergantes había unha condición: daqueles tres boliños non podía faltar unha migalla.

O home convencido polo tesouro que lle darían as princesas unha vez desenfeitizadas, envolveu os tres bolos nun pano e colleu camiño para a súa casa pois xa era tarde para seguir dándolle ó sacho e ademais tiña unha encomenda. En canto chegou á casa puxo o paquete no chineiro e advertiulle á súa familia que non podían toca-los bolos, sen dar máis explicacións, e púxose a cear. Ó rematar de cear entroulle o sono, por mor do cansancio e do reconforto da comida, e cavilando no estraño encontro quedou a durmir. Nambergantes a muller quedou intrigada e en canto viu que o home pechaba os ollos, foise ó chineiro desenvolveu o paquete e viu os bolos, que se lle antollaron tan bos que non puido conterse e repeloulle un anaco a un dos bolos. Despois volveunos a envolver no pano e devolveunos ó seu sitio.

Ó día seguinte o home colleu o paquete sen comproballo e dirixiuse ó monte a cumprila súa encomenda. Ó chegar ó alto do lugar depositou os tres bolos sobre

sendos penedos e foi pronunciando os nomes que lle dixeran a vella. Segundo os ía pronunciando foron aparecendo as doncelas pero ó chegar ó bolo repelado e tras pronuncia-lo nome da doncela, Laureana, o cabalo desta apareceu sen unha perna e besta e muller caeron ó chan, fundíndose na terra. Dende entón os seus choros brotan da fonte que hai no alto do Monte do Castro e din que si escoitas ben aínda se oen os seus laios e os do labrego condenado polas outras dúas doncelas a acompañar á súa irmá por non cumprir ben a súa encomenda.

## LENDA DO VELLO E O CAN (Antía)

Fai xa anos, había un vello que cando ía ó mar, levaba o can canda él ata a praia. O can quedaba mirando para o mar, polo sitio polo que él marchaba ata que o vello voltaba. Un día, non se sabe ben polo que, o vello non voltou e o can quedou mirando para o mar. O cabo dun tempo o can morreu de tristura, e o sobriño do vello enterrouno.

Algún tempo despois o sobriño foi dar un paseo coa moza pola praia e atopouse ó can mirando para o mar, o rapaz chamou por él "Tuno" para ver se era o can do seu tío, cando este virou a cabeza e quedou mirando para él. O sobriño colleu tal medo que marchou para a casa a todo correr e encerrouse na súa habitación ata que morreu ninguén sabe por que.

Aínda hoxe hai quen di que se ve ó can ollando para o mar no aniversario da desaparición do seu dono.

## O LOBISHOME

Vivía - fai moitísimo tempo - nunha aldea das montañas de Cervantes ( Provincia de Lugo) un home, arisco de carácter, que se irritaba por calquera cousa e Xuraba e maldiciá que daba medo. Este home tiña un fillo que era un mozállón, bo rapaz, amigo das mozas e das festas e romarías, aínda cando non lle volvía o lombo ao traballo. Adoitaba dicir que - cada cousa a seu tempo -, e de acordo con esta máxima procedía.

Pero o seu pai quería telo sempre tirando do legón e non lle gustaba que o rapaz tratase de divertirse; porque as parrandas gastan as forzas que se precisan no traballo. Un día discutiron pai e fillo porque o rapaz pretendía ir á festa de Pedrafita e o vello insistía en que fose a queimar un monte para sachalo.

- Un día de festa non se traballa, que é pecado - dicía o mozo -; e a queimada se non se fai un día faise outro; mais, a festa, pasado o seu día pasou a romaría, e a festa perdeuse.

- O que se non fai é ir de festa cando hai unha labor que atender.

- Pois vaite á festa, e como vas atrás das mozas, queira Deus que andes atrás das lobas!

Nunca tal dixese.

Unha noite o rapaz espertou; sentiase inqueda, desasosegado, non tiña parada, e terminou poñéndose os pantalóns e saíndo á eira. Coma se unha forza extraña o empurrase cara ao monte, botouse a camiñar polo declive arriba. Chegou a un pequeno prado e revolcouse sobre a herba humedecida polo orballo da noite. Por que facía aquilo? Non o sabía. Pero aconteceu que cando intentou erguerse, non puido facelo; observaba catro pés e a catro pés correu cara á

cimeira do monte, ouveando como un lobo, e tras das lobar andivo como un can rabioso.

Na aldea falouse moito da desaparición do rapaz. Falouse tamén dun lobo moi grande que tiña degolado moitos anos e ferido a varios carneiros.

O pai do rapaz desaparecido empezou a pensar no caso; lembraba a súa maldición e estremeceuse.

Aquel lobo podería ser o seu fillo?

E foise a ver a unha velliña moi vella, que dicían que era meiga, e contoulle o caso.

- Ai, home - díxolle a vella -, a maldición do pai é o máis malo que poida haber para un fillo. Un pai non debe amaldizoar o seu mesmo sangue.

Pero, para tranquilizalo, dixo:

-Mas se ese lobo é o teu fillo, haiche un remedio para voltalo a vida dos humanos.

E explicoulle que, non era cousa doada, porque un dos dous podía morrer, xa que o fillo, convertido en fera, perdera todo o sentido dos homes.

-E que vou facer daquela? - preguntou o pai.

- Mira, se poder facerlle sangue; pero que non sexa cousa de morte, nen sequera de aleixamento ou mancadura, porque se lle fixeras moito mal, ese mal quedaríalle ao recobralo seu ser.

Saiu pensativo o vello da casa da meiga e moito cavilou, de volta cara a súa vivenda, como tería que proceder. Pero, aínda cando se vise en perigo de morte, mellor quería morrer que saber ao seu fillo perdido daquela maneira.

Aí noite seguinte decidiu ir en busca do lobo. Non quixo levar máis arma que un coitelo, para evitar un perigo maior, pero levou consigo un año, ao que atou ao pé dun toxal, tras o cal se ocultou entre uns breixos, co coitelo na man.

A media noite viu como o año se estremecía e axitaba e supuxo que o lobo se achegaba.

Despois oíu un lixeiro golpe, como algunha cousa que caía; tal vez o salto do lobo para acometer e o patalear do animal... Arrastrándose moi amodo e caladamente, achegouse. Cravaba os dentes nas carnes brandas do año sen apercibirse da súa presenza.

Como temendo ferirle de máis, cravou no lombo a punta do coitelo, que tirou en seguida ao chan. O lobo revolveuse ensinando os dentes. O home botoulle os brazos ao colo, chamándolle: Fillo, fillo!; e pediulle perdón, saloucando.

Entón a pel do lobo empezou a abrirse pola ferida e, coma se fose unha pel postiza, ía desprendéndose do corpo. Unha sacudida, un revolcarse entre os breixos e os toxos, e o rapaz recobraba o ser, desfalecido, pero tal como era antes de ser maldito polo seu pai.

## OS DOUS BECERROS

Un mariñeiro que regresaba de noite á casa despois de faenar viu de súpeto que ían canda el dous becerros, un á súa dereita e outro pola esquerda. Nun principio non se sorprendeu moito, pero cando os sentiu murmurar empezou a desconfiar. Intenta cambiar de camiño, pero os becerros seguen ao seu lado, acelera o paso e eles seguen co seu ruxe-ruxe. Venceo o medo e bota a correr. Xa coa súa casa á vista non pode mais e di:

-Meu Deus! Sálvame!

Nese intre os becerros desaparecen en medio dun gran estoupido, tan grande que os piñeiros que había ao redor quedan todos estomballados.

Cando ao día seguinte, xa máis tranquilo, volveu ao lugar, sorprendese de novo. Non había un só Piñeiro en pé!

## O BERGANTÍN PANTASMA (Ainara)

Hai moitos , moitos anos, na Punta do Cabalo das Illas Cíes, naufragou un bergantín pirata cargado de moedas de ouro. O capitán maldixo o día e a hora, e toda a tripulación, incluíndoo a el, foron ao fondo co barco. Pola carga que levaba, dende entón empezaron a chamarlle a aquel sitio A Furna dos Pesos (os pesos eran unha moeda antiga de moito valor)

Din que aquel barco, con toda a súa tripulación, emerxe do mar nas noites de temporal; despregan velas, berran e pelexan como intentando salvarse do fundimento. Quen tivo a ousadía de achegarse á Furna dos Pesos nas noites crúas de inverno pudo velo. Un bergantín coas velas tensas, dereitiño ás rochas, cunha potente luz, resplandecinte, no pau maior, que deixa ver parte da cuberta. Os mariñeiros, revoltos, cadáveres animados, e entre eles un home alto, de longa barba e negra, os ollos acesos, xurando coma un poseso. É o capitán?

Se o temporal amaina, o bergantín e a tripulación van aos seus aposentos no fondo do mar



## ANA MANANA (Edgar e Lidia)

Un galego que regresaba da sega en Castela atopou no camiño cun señor moi ben vestido, que lle preguntou de onde era e se sabía do Pozo Meimón. Como lle respondera que sí, preguntoulle:

-Queres ser rico?

-Home?

-Pois verás. Vas ata o Meimón, achegaste á fonte que hai ao seu carón e berras tres veces, Ana Manana. Á terceira sairá unha señora moi fermosa e dálle este queixo que che mando. Ela hacho agradecer facendote rico. Pero coida de non contarllo a ninguén, e á túa muller menos que a ninguén.

-Vale, home? Iso está feito?

Atou o queixo nun pano e seguiu o seu camiño mentras lle daba voltas na cachola facendo as contas da leiteira. Antes de ir ao Meimón, como levaba tanto tempo fóra, pasou pola casa. Ao velo, a súa muller dixo:

-A ver, oh, non me traes un agasallo?

-Non, muller. O do pano é un encargo que me fixeron.  
Non se che ocurra tocalo

-E logo non se pode ver?

-Non

-E para min non hai nada?

-Polo de agora, non. Ti deixa o paquete e xa verás, cando volva de facer o encargo. Non che pesará.

Nun descoido a muller abriu o pano, viu o queixo, gustoulle e beliscoulle un anaquiño. Despois envolveuno ben envolto e deixou estar a cousa así. O home, sen sábelo, colleuno e levouno até o Meimón. Chegou á fonte e berrou:

-Ana Manana! Ana Manana! Ana Manana!

Saiu a Moura (as mouras son fadas que viven nos castros), guapísima e elegante, mais algo enfadada:

-Que queres?

-Traioche este paquete

-A ver!

-Que fixeches? Non che dixeron que non o tocases? Dixo ao ver o queixo sen o anaquiño. Pousou no chan o queixo e este convertiuse nun cabalo, mais coxo, sen unha pata.

-Agora xa non me poder desenfetizar. Este era o cabalo no que ía marchar e mira como está. Perdeches as riquezas coas que te ía agasallar. Anda, vaite para a tua casa e lévalle á túa muller esta faixa, é o único que che podo dar. Cando ela estea a piques de dar a luz, poslla ao redor do ventre.

Ao instante, desapareceron a dama e o cabalo, pola boca da fonte. O home, con todo perdido, colleu a faixa e

foise. Pero, ocurriuselle ver que tal lle quedaría a faixa á súa muller e puxoa por riba dunha sobreira chea de noces. Nada mais poñerlla, a árbore e mailas noces arderon e non quedou nada.

Con esa sorte se salvou a muller do labrego.

## A POMADA DA BRUXA

Era un xoven que tiña unha noiva que era bruxa. El non o sabía e unha noite que quería ir vela, ela dixo que non, que estaba moi ocupada. El era moi teimudo e doulle voltas e mais voltas ao conto ata que a noiva acabou por confesarlle a súa ocupación. E que precisamente esa noite tiña que ir matar ao fillo recién nacido do seu compadre, a quen xa lle tiña matado aos anteriores, e que non podía deixar de facelo.

O mozo aparentou darse por conforme coas explicacións da rapaza, pero o que fixo foi axexala e ver como facía. A xoven untouse cunha pomada chamada o cacho, montou na vasoira e dixo:

Coa axuda de Deus e Santa Mariña  
subamos pola árbore da escaramalleiriña;  
unha hora para ir  
e outra para vir.

O xoven fixo do mesmo xeito. Untouse co cacho, dixo as palabras, mais trabucouse a propósito ao final para chegar antes e así dixo:

Media hora par ir  
e outra media para vir.

Chegou antes, meteuse na casa do seu compadre e colleu un alfinete, pois a meiga tería que entrar pola fechadura en forma de tabán ou mosca. Cando quixo entrar, pinchouna co alfinete e ela volveu para a casa. Pero grazas ás palabras máxicas que empregara, cando ela entrou na casa el xa levaba un bo rato esperando por ela.

Viña moi lastimada e doente, queixándose do mal que lle saíra todo. O mozo non lle contou nada do choio mais

## A FLOR DO LIROLAI

Por consello dunha sabia, unha señora enferma deixou cos seus fillos fosen na procura da flor do lirolai, que ao parecer podía curala. Dos tres só un a atopou, o máis xoven, pero ao volver á casa os outros dous quitaronlla, matárono e enterrárono. A señora curouse, pero sentía moita mago pola desaparición do seu fillo pequeno. Un día viu unhas flores douradas, gustou delas e arrincou unha. De súpeto saíu unha voz baixo a terra:

-Non arrinques os meus cabellos  
que son loiros e riciños.  
Os meus irmáns me matar  
Pola flor de Lirolai

Recoñeceu a voz do seu fillo, cavo una terra, atopouno e por el se enterou do que sucedera.

## O COMEAÑOS

Dúas rapazas ían ao muiño do Porto da Pedra para pasá-la noite moendo e atoparon un año entre as xestas. No muiño buscaronlle acomodo e tapárono. Xa ao amencer encheron os sacos de fariña e ían coller o año para volver á casa, mais este xa desaparecera.

Tempo despois os homes falaban do caso na taberna da Vila:

-E que lle pasaría ao año? Quen o roubaría?

No outro extremo da barra un descoñecido amosou na súa boca uns enormes dentes e dixo:

-Non serían estes a causa?

E inmediatamente elevouse no aire e esvaiuse coma unha folepa de neve polo tiro da cheminea.

## O DIAÑO BURLÓN

Un mozo dunha aldea do concello de Chantada iba á feira e tiña que pasar polo monte Faro en plena noite. A súa nai avisouno:

-Non vaias, oh, que a noite é mala. Pódeche saír o demo.

-E se me sae que? Tanto me ten, eu vou, que quero ver a María.

Puxose en camiño pensando no que lle dixeran a súa nai, pero os desexos de ver á súa noiva e de divertirse un pouco eran máis fortes co medo que lle puidesen causar aquelas palabras. Xa casi anoitecía. Pasou por unha aldea, un mozo saíu de alí e camiñou con el. Ían conversando e andando o camiño. Contoulle ao outro o que súa nai lle dixeran:

-Aledome moito de non ter que ir só

-De que tes medo, logo? Disto?

E amosoulle a boca aberta cuns dentes enormes, ao tempo que soltaba unha gargallada e desaparecía no medio dun estoupido. O mozo botou a correr con medo e correu tanto que se perdeu, cruzou por un bosque moi espeso ata que viu unhas casas. Alí había unha vella que cun angazo recollía as últimas briznas de herba. O ceo estaba negro.

-Ai, señora, sabería indicarme o camiño para tal sitio, onde hai feira.



-Como non ía saber? Se me axudas, en canto acabemos eu mesma acompañote.

Así foi. Fixeron o traballo, botaron a andar, fíxose noite fechada e na escuridade contoulle á boa muller o que lle pasaba. Cando chegou ao dos enormes dentes do diaño, dixo a vella:

-Serían, entón coma estes?

Abriu a boca e brilou nela unha dentadura inmensa. Fuxiu o mozo asustado, mentres escoitaba as gargalladas do diaño e lembraba os consellos da súa nai.

## A PANTASMA DOS OLLOS AZUIS

A unha casa, na que toda a xente do pobo dicía que tiña pantasmas, chegaron tres homes: un catalán, un andaluz e un galego.

O dono fíxolle unha aposta para ver cal deles era capaz de durmir unha noite nela.

Subiu o catalán e cando levaba un pouco dentro sentiu unha voz que dicía:

-“Son a pantasma dos ollos azuis”

O pobre do catalán botou escaleiras abaixo cheo de medo.

Subiu o andaluz, e cando levaba outro pouco de tempo dentro oiu a voz:

-“Son a pantasma dos ollos azuis”

O andaluz comezou a tremer de medo e botou a correr tamén como fixera antes o catalán.

Xa lle tocaba ao galego. Subiu e ó levar outro pouco alí oiu aquela voz estarrecedora:

-“Son a pantasma dos ollos azuis”

-Ai, si - dixo o galego- pois ven para aquí que chos vou poñer morados.

## DOUS PESOS A DEBER

Cóntase de dous homes que foran moi amigos. Eran rivales na partida da taberna e o único que alterava a súa boa relación podía ser a discusión por unha carta mal botada. Xosé gañaba en máis ocasións e aí, estaba aos ollos de Manuel, o seu único defecto. Do mesmo xeito que non debía nada a ninguén, tampouco soportaba que alguén llo debese a él. Pero morréu e o seu amigo Manel deixou de ir pola taberna. Pasado algún tempo, decidiu volver e, ao regreso, despois do primeiro día de partida, atopou a Xosé á porta da súa casa. Non lle falou, botoulle a culpa ao viño, entrou en casa e deitouse. Pero cada día, ao volver da partida, veía a Xosé na porta. Sempre se lle aparecía no mesmo lugar. E el non facía máis que darlle voltas. Que pode querer? Que lle faltará?

Un día lembrou que lle deixara a deber dous pesos por causa do xogo. Vaites? Con que viña reclamarllos? Correu á igrexa, gastounos en velas pola alma de Xosé e nunca mais volveu a aparecerselle a pantasma daquel testán.

## A MORTE NEGRA

Cóntase dun pai moi pobre que se botou aos camiños en busca dun padriño para o seu fillo recién nacido. Ofrecéronse lle o Demo e mais Deus, pero non os aceptou por inxustos, por tratar con diferenza a uns e outros. Despois ofreceuse lle a Morte e aceptouna, porque non facía diferenzas. A Morte prometeulle facer rico ao seu afillado:

-Será doutor sen necesidade de estudos. Se me ve a mín á cabeceira do enfermo, dirá que non ten remedio; se me ve aos pés da cama que receite o que se lle ocurra, que non hai perigo.

O afillado medrou, fíxose doutor sen estudos e hinchouse a gañar cartos. Pero nunha ocasión o enfermo era rico, moi rico, poderoso, influente, e ofreceu todo o que fíxese falla se o salvaban. O padriño, a Morte, vixiaba á cabeceira da cama e o seu afillado suspiraba polo capital prometido.

A Morte contaba os segundos. O afillado deixouse levar por unha arrouxada e ordeou:

-Sacadeo da cama! Agora deitadeo cos pés para a cabeceira!

Así o fixeron. O enfermo sanou, pero o afillado esqueceu que a Morte nunca fai as viaxes en balde e alí mesmo, de pé como estaba morreu.

## O NENO GALO

Nun lugar impreciso da costa de Galicia, naceu un neno coa cabeza e a crista de galo. O pai, avergoñado, colleuno unha noite, deulle un golpe na cabeza, e coidando que o matara, envolveuno e meteuno no berce. Pero ao día seguinte o neno estaba vivo e mamando do peito da súa nai.

O pai volveuno intentar á noite seguinte facendo o mesmo. Pero de mañá o neno seguía no colo da nai mamando. Crendo que aquilo era cousa do Demo, o pai contoulle á súa muller os seus fracasos e xuróu que á terceira vez non fallaría.

Doulle o golpe, separoulle a cabeza do corpo e enterrouno na horta. O resto do corpo puxoo no berce. E ao amencer, o neno seguía vivo. Pero esta vez sen cabeza nin crista de galo, senón fermoso coma todos os meniños.

E o neno ao ver ao seu pai, falou:

-Xa non sou un demo, papá. O que había no meu corpo fuxiu. Nacín coa cabeza e a crista de galo, porque mamá cando estaba embarazada, comeu o ovo dunha galiña posuída polo Demo.

## RATEXÁN E O ESQUELETE

Ratexán era enterrador no vello cemiterio da aldea. Nunha ocasión, cavando a foxa para un defunto atopou un oso e despreocupadamente tirouno no osario común.

Aquela mesma noite, cando estaba no primeiro soño, Ratexán escoitou unha voz:

-Ratexán, dame o oso! Ratexán, dame o oso!

O bo de Ratexán ergueuse do leito a toda presa e con moito medo preguntou:

-Quen me chama?

Ninguén lle respostou. Unha noite tras outra Ratexán escoitaba sempre a mesma voz, que semellaba entrar pola cheminea da casa e que lle reclamaba:

-Ratexán, dame o oso!

Facendo memoria, lembrou aquel óso que botara na foxa común. Ao amencer foi ao cemiterio, recuperou o oso e con moito esmero devolveuno ao mesmo sitio no que o atopara. Dende aquela xa puido durmir tranquilo e xamáis volveu escoita-la voz.

## O TESOURO DA PENA DE LIBRÁN

Na pena de Librán, na Pontenova, hai unha galería soterrada inmensa, na que un encanto garda carros e carros de ouro. Un día o encanto presentouse a un veciño do lugar e dixo:

-Se casar coa miña filla douche vinte carros cargados de ouro.

O home non o pensou moito:

-E, que me leve o demo, aínda que non sexa moi guapa que digamos, con tanto ouro xa me amañarei.

E díxolle:

-Trato feito?!

Mais o encanto advertiulle:

-Ven cando queiras, pero tede moito coidado. Se ti ou algún dos que veñan contigo polo ouro, di un nome santo ou pérdelo todo.

-Vale

Aos poucos días chamou aos veciños e alá foron todos cos carros para cargar. Chegaron á pena e chamaron ao encanto. E abriuse a rocha e viron dentro o resplandor dun túnel cheo de ouro. O mozo non se pudo conter:

-Ai, Deus?!

Acabouse a visión. Saíu o encanto e encarouse con él:

-Madia levaras? Non che dixen, que non pronunciases ese nome?. Pois agora escolle, queres que che saian cornos coma un carneiro ou quedar careco para sempre?

O encanto soplou e a alí mesmo caíuselle o pelo e quedou careco. E din que os seus fillos e os seus netos e aínda pode que os seus tataranetos daquel home foron todos carecos. E o encanto segue alí na Pena de Librán, co a filla por casar e con moreas de ouro por dar.



## O ZAMPÓN DE OLEIROS

O Zampón é un ogro enorme, chión e impulsivo...pero algo cobardica.

Na vila de Oleiros aparecera un zampón que amenazara con comerse á mestra e as nenas dunha escola. Todas choraban excepto unha. Era de moi lonxe e para chegar ao colexio pasaba por un camiño no que había un formigueiro. Coas sobras da merenda trabara amizade cunha formiguiña e aquel día por non chorar, faloulle do Zampón. A formiga tranquilizouna:

-Non te preocupes. Mañá cando veñas á escola, méteme na blusa, e xa verá o Zampón cando veña.

Así foi. A neno chegou á escola e a mestra, ao vela recomendoulle que volveuse á casa, que o Zampón estaba a piques de chegar.

-Non señora, non me vou, que non me zampa, non!?

Oironse os berros do Zampón:

-Eu son o Zampón que vos veño zampar!?

Entón a formiguiña saiu da blusa:

-Eu son a formiguiña, que en picándoches o cú, fu, fu

Daba risa ver correr ao Zampón dando voces coa formiguiña dándolle trabadas no cú.